

DOCUMENTO:

**SÍNTESE DE CONCLUSIÓNS DEFINIDAS AO TERMO DO I, II E III FOROS DE DEBATE
PARA A ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE CAMBRE**



Sistemática de Traballo.

O Foro centrouse en dúas partes diferenciadas:

1. Plenario inicial de benvida e presentación (15').

- ➔ Benvida ás persoas participantes a cargo do Concelleiro de Participación Cidadá, Cooperación e Solidariedade, Antón Otero Domínguez.
- ➔ Presentación dos obxectivos do II Foro e da metodoloxía de traballo proposta para o mesmo, a cargo de Jorge Fente Balsa (Coordinador do Foro).

2. Traballo en pequenos grupos (120').

- ➔ As persoas participantes distribuíronse en dous de debate. Cada un destes grupos asumiu a lectura conxunta e o debate de contidos para un ou varios títulos da proposta de borrador de Regulamento de Participación Cidadá.
- ➔ En concreto, un dos grupos centrou os seus debates no Título II desta proposta de borrador; que ten o título de “dereitos da cidadanía”.
- ➔ O outro grupo centrou os seus debates no Título III desta proposta de borrador; titulado “órganos de participación cidadá”.
- ➔ O traballo destes grupos ocupou o resto do tempo programado para este segundo Foro.
- ➔ A posta en común das conclusións ás que chegaron realizárase no III Foro. Do mesmo xeito que a lectura e posta en debate dos contidos propostos para o Título IV, “apoio e promoción do tecido asociativo”, e as “Disposicións”.

A continuación detállanse as respostas e conclusións establecidas en cada grupo para as cuestións que tiñan asignadas.

Síntese das conclusións concretadas no 1º, 2º e 3º Foros

Listado de persoas participantes:

- Antón Otero Domínguez (Concelleiro de Participación Cidadá. Concello de Cambre).
- Carmen Elexpuru Muñoz (Asociación Mulleres Rurais “Antonia Dans”).
- Esther Aradas (AVV Pravio e Cela).
- Francisco Javier Garcia Veiras.
- Juan José Sánchez Becerra (Coral O Adro de Brives).
- Luís Longueira Mella.
- Luísa Armesto Ramón (Coral Polifónica Santa María de Cambre. Coral Polifónica O Adro de Bribes).
- Manuel Fernández González (Asociación Cultural San Martín de Andeiro).
- Manuel Gesto Casal (Coral Polifónica Santa María de Cambre).
- Manuel L. Doval Pernas (Coral Polifónica Santa María de Cambre).
- Manuel Rivas Caridad (Asociación Pro Urbanismo de Cambre).
- Manuela Suárez Rey (Asociación Arela).
- Marcial Bajo Sánchez (AVV Cuesta De La Tapia- El Temple).
- María Belén Sixto Alén (Asociación Arela).
- Ricardo Puertas Mosquera (Técnico Municipal de Participación Cidadá. Concellaría de Participación Cidadá).
- Ramón Posse Mancebo (Coral Sta. María de Cambre).
- Santiago Alcalde Díaz (Asociación de Empresarios y empresarias de Cambre).
- Victor Velo Torreiro (AVV Pravio e Cela).

VALORACIÓN E PROPOSTAS EN RELACIÓN AO TÍTULO I “DISPOSICIÓN XERAIS”.

TÍTULO I	CUESTIÓN RECOLLIDA NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
(art. 1-3)	<p>Adecuación da organización do Concello de cara o cumprimento do Regulamento.</p> <p>Difundir e dar a coñecer Regulamento dentro da institución.</p>	<p>Incorporación no apartado de obxectivos específicos: a promoción, dese o Concello, dos mecanismos de interlocución, planificación e xestión dirixidos á mellora organizativa que faciliten a posta en marcha do presente Regulamento.</p> <p>Proposta de desenvolver os mecanismos informativos e a publicitación do Regulamento entre o conxunto do persoal do Concello.</p>

VALORACIÓN E PROPOSTAS EN RELACIÓN AO TÍTULO II “DEREITOS DA CIDADANÍA”.

Título II	CUESTIÓNS RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Dereito á participación (art. 4)	Formulación do dereito á participación e detallamento dos dereitos específicos que comprende.	Non hai propostas
Dereito á información (art. 5)	Formulación do dereito á información e detallamento dos dereitos específicos que comprende.	Non hai propostas
Medios para a información (art. 6)	Mecanismos a disposición da cidadanía para a información	<p>Artigo 6.2 Incluir o correo electrónico.</p> <p>Artigo 6.2 Aproveitar os taboleiros luminosos, mesmo ampliar a rede de cobertura no concello.</p> <p>Artigo 6.2 Aproveitar a rede dos colectivos sociais, como mecanismos de información de persoas socias e veciñanza en xeral.</p>
Administración electrónica (art. 7)	Declaración da vontade do Concello de promover o uso das novas tecnoloxías como medio alternativo para unha eficaz difusión dos seus servizos e actividades	Aínda que non se establece a incorporación dentro do texto do Regulamento, demándase a necesidade de actualizar os medios telemáticos municipais postos a disposición de entidades e cidadanía, actualizándoos e dotándoos do software necesario para o acceso á información, facilitando a xestión de trámites

TÍTULO II	CUESTIÓNS RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
<p>Dereitos de información das entidades cidadás (art. 8)</p>	<p>Formúlanse os dereitos de información recoñecidos ás entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Sociais</p>	<p>Artigo 8.1 Eliminar o texto: “..cando figuren nelas asuntos relacionados co ámbito, sector ou obxectivo social da entidade cidadá”.</p> <p>Co obxectivo de aproveitar a capacidade das entidades sociais na súa labor difusora e informativa, enténdese preciso non delimitar o número de convocatorias recibidas en función do tipo de entidade . É por iso que se debera informar das sesións públicas dos órganos colexiados, independentemente do sector de traballo da entidade á quen se lle remite.</p>
<p>Dereito de audiencia pública (art. 11-13)</p>	<p>Facilitar o dereito de audiencia pública</p>	<p>Artigo 12.3, baixar a porcentaxe do 2% ao 1% da poboación precisa no caso de cidadás particulares.</p> <p>Artigo 12.5. Co obxectivo de evitar posibles confusións, propónse que as entidades sociais que soliciten dito dereito deberan estar inscritas no Rexistro de entidades, tomando como referencia a súa actualización con data de 31 de decembro do último ano.</p> <p>Artigo 12.7 Aclarar, de ser o caso, se o tempo é acumulativo. É dicir, de intervir tres persoas (5 minutos máximo cada unha), conta o mesmo que unha soa?</p>

TÍTULO II	CUESTIÓNS RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Dereito á iniciativa popular (art. 14-15)	Facilitar e abrir os mecanismos de participación cidadá á mocidade	Artigo 14.2 Rebaixar a idade dos 18 aos 16 anos. Isto significa modificar as referencias do sufraxio universal e tomar como porcentaxe os datos que figuren no padrón de habitantes e non o censo electoral.
De intervención no Pleno Municipal (art. 15-17)	Ordenar e promover a participación da cidadanía nas sesións plenarias	Estudar a posibilidade de ampliar o número de persoas que interveñen no Pleno, cando menos especificar se hai un límite ou non. Artigo 16.1d Ampliar o tempo de intervención ata un máximo de 15 minutos.
Consulta popular (art. 18-19)	Ordenar o desenvolvemento do dereito dos cidadáns e as cidadás inscritos no censo electoral	Non hai propostas

VALORACIÓN E PROPOSTAS EN RELACIÓN AO TÍTULO III “ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

Título III	CUESTIÓN RECOLLIDA NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Definición e carácter dos órganos de participación cidadá (art. 20)	Define os órganos de participación cidadá	Non hai propostas.
Consello Xeral de Participación Cidadá (art. 21)	Define este órgano e detalla as súas funcións	Propónse engadir a seguinte función como apartado 2. j): “coñecer as actuacións dos Consellos Sectoriais, tal e como se recolle no artigo 25.8 do presente Regulamento”. Propónse engadir a seguinte función como apartado 2. k): “propoñer a creación de Consellos Sectoriais”.
Composición do Consello Xeral de Participación Cidadá (art. 22)	Detalla a súa composición	No apartado 1. b), propónse engadir ao remate do texto a seguinte fórmula: “a súa elección será facultade de cada Consello Sectorial”.
Funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá (art. 23)	Define cuestións tales como periodicidade das súas xuntanzas, renovación, Creación de Grupos de Traballo, etc.	Non hai propostas.

Título III	CUESTIÓN RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Consellos Sectoriais (art. 24)	Define estes órganos	Non hai propostas
Composición e funcionamento dos Consellos Sectoriais (art. 25)	Define a súa composición, así como cuestións tales como periodicidade de xuntanzas, funcións, etc.	<p>No apartado 2. a), propónse cambiar a redacción, de xeito que o texto comece: “Un representante por cada unha das entidades inscritas no Ficheiro..”. Propónse engadir tamén o seguinte texto: “cando a praza no Consello se asuma en representación dunha entidade, existirá a posibilidade de delegación en caso da non posibilidade de asistencia”.</p> <p>No apartado 2.b) propónse cambiar a redacción, de xeito que o texto comece: “Neste espazo poderán ter presenza un representante das plataformas, cooperativas...”. Propónse engadir tamén o texto: “cando a praza no Consello se asuma en representación dunha entidade, existirá a posibilidade de delegación en caso da non posibilidade de asistencia”.</p> <p>No apartado 2.d) propónse cambiar a redacción, engadindo ao remate do texto: “o seu número non poderá exceder do 40% do total de representantes do tecido asociativo”.</p> <p>Propónse engadir un apartado, antes do 3, que formule: “cando un ou unha membro do Consello Sectorial non asista cando menos en tres xuntanzas consecutivas, procederase a renovar a titularidade da praza que ocupa”.</p>

Título III	CUESTIÓN RECOLLIDA NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Composición e funcionamento dos Consellos Sectoriais (art. 25)	Define a súa composición, así como cuestións tales como periodicidade de xuntanzas, funcións, etc.	<p>No apartado 3, propónse cambiar o texto de xeito que formule: “tantas veces como sexan convocados polo/a alcalde/sa e ou Concelleiro/a no que delegue...”.</p> <p>No apartado 4, propónse eliminar a frase que comeza como: “A composición definitiva de cada Consello Sectorial...”; e cambiar a redacción da seguinte, de xeito que se inicie: “este regulamento será aprobado por maioría absoluta...”.</p> <p>No apartado 5, propónse cambiar a formulación, de xeito que se inicie: “os Consellos Sectoriais serán renovados cada catro anos, coincidindo co mandato corporativo”.</p>
O Consello Sectorial de Nenos e Nenas (art. 26)	Define a súa natureza e funcións.	Non hai propostas

VALORACIÓN E PROPOSTAS EN RELACIÓN AO TÍTULO IV “APOIO E PROMOCIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO”.

Título IV	CUESTIÓN RECOLLIDA NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Tipos de apoio ás entidades cidadás (art. 27)	Describe de xeito xenérico as liñas de apoio ao tecido asociativo así como ás iniciativas da sociedade civil.	No apartado 2, propónse cambiar o texto de xeito que formule “...utilizará diversos medios técnicos, materiais e económicos: como subvencións, convenios, asesoramento, e calquera outro mecanismo necesario”. Propónse engadir un apartado 4, coa seguinte redacción: “O Concello promoverá, nesta liña, o encontro e a cooperación entre as entidades sociais”.
Rexistro Municipal de Entidades Cidadás, como Fonte de Dereito (art. 28)	Formula a necesidade das entidades de inscribirse no Rexistro para exercer os dereitos recollidos neste Regulamento.	Non hai propostas.
Obxectivos do Rexistro Municipal de Entidades Cidadás (art. 29)	Detalla os obxectivos que persegue o Regulamento.	Propónse engadir un apartado C, coa seguinte redacción: “posibilitar información de interese, que fomente a participación da cidadanía nas entidades sociais”..
Condicións para a inserción no RMEC (art .30)	Detalla os requisitos que teñen que cumprir as entidades para inscribirse no Rexistro.	Propónse que as entidades que queiran inscribirse no Rexistro teñan que cumprir obrigatoriamente os requisitos detallados nos apartados a) e b), así como algún dos recollidos nos apartados c) e d). Deste xeito, os apartados c) e d) estarían introducidos pola seguinte formulación: “Así como que cumpran algún dos seguintes requisitos”.

Título IV	CUESTIÓNS RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Documentación a presentar no RMEC (art. 31)	Describe a documentación que deberán presentar as entidades que queiran inscribirse no Rexistro.	Non hai propostas.
Formalización e notificación da inserción no RMEC (art. 32)	Formula o prazo e procedemento para comunicar ás entidades a inserción no Rexistro.	Non hai propostas.
Obrigas das entidades inscritas no RMEC (art. 33)	Detalla as obrigas que deben atender as entidades inscritas no Rexistro.	Non hai propostas.
Funcionamento interno do RMEC (art . 34)	Detalla aspectos tales como o Departamento do que dependerá o Rexistro e as liñas principais de funcionamento que manterá.	No apartado 1 propónse cambiar o texto, de xeito que formule: “o Rexistro Municipal de Entidades Cidadás dependerá da Concellaría competente en materia de participación cidadá...”.
Mecanismos de financiamento ás entidades cidadás (art. 35)	Detalla as liñas de traballo que desenvolverá o Concello co obxectivo de apoiar economicamente a actividade das entidades.	<p>No apartado 3 propónse cambiar o texto, de xeito que formule “...remitindo a información das concesións á Concellaría competente en materia de participación cidadá”.</p> <p>No apartado 4, propónse cambiar o texto, de xeito que formule: “...de colaboración en programas de interese xeral”.</p> <p>No apartado 5, propónse cambiar a redacción, engadindo ao final do texto: “e demais normativa”.</p>

Título IV	CUESTIÓNS RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Colectivos, Plataformas e Coordinadoras cidadás (art. 36)	Formula o recoñecemento e a consideración outorgada a este tipo de expresións da participación cidadá.	No apartado 1, proponse cambiar o texto de xeito que formule: “...polo cal, habilitaranse na Concellaría competente en materia de participación cidadá...”.
Servizos de asesoramento e formación (art. 37)	Detalla as liñas de traballo que se desenvolverán para prestar este tipo de servizos cara ás entidades.	No apartado a., proponse cambiar o texto de xeito que formule: “asesoría e formación para entidades cidadás, colectivos, plataformas e entidades cidadás”.

VALORACIÓN E PROPOSTAS EN RELACIÓN ÁS “DISPOSICIÓN ADICIONAIS”.

Título IV	CUESTIÓN RECOLLIDAS NO BORRADOR DO REGULAMENTO	PROPOSTAS RECOLLIDAS NA XUNTANZA DE TRABALLO DO FORO
Disposición adicional primeira	Detalla o entramado de normas comúns da Administración Local e da específica de participación cidadá que serve de referencia ao Regulamento.	Non hai propostas.
Disposición adicional segunda	Detalla a Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Cambre como referencia do Regulamento.	Non hai propostas.
Disposición adicional terceira	Detalla a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, como referencia do Regulamento en cuestión de Igualdade.	Non hai propostas.
Disposición adicional cuarta.	Formula diversas liñas de actuación complementaria que desenvolverá o Concello de Cambre de cara a promover a participación cidadá.	Non hai propostas.